

MELLOR LOCAL MELLOR GALEGO

— APOSTA POLO NOSO —

A pandemia da COVID-19 deixou ao descuberto a importancia e a necesidade de apostarmos polo comercio local de proximidade. Na Galiza, onde temos unha terra e un mar únicos, que producen alimentos de extraordinaria calidade, resulta aberrante vermos como, día tras día, o goberno do PP á fronte da Xunta de Galiza opta por darlle as costas ao sector primario, á industria de transformación e ao comercio de proximidade.

Desde o BNG defendemos que a aposta polo consumo de produtos galegos debера unha prioridade na política económica, de comercialización e mesmo de comunicación da Xunta de Galiza. O noso obxectivo é que as persoas produtoras obteñan o máximo beneficio, e que as actividades agrogandeira, pesqueira e marisqueira, a súa transformación e comercialización, sexan un factor de xeración de emprego e dinamización económica neste país, que tanta falta fai.

Levamos tempo alertando da imposición, por parte do Goberno do PP, dun modelo de consumo ao servizo das grandes áreas comerciais de capital foráneo, que nos empobrece, atenta contra a nosa saúde, e mesmo xera hábitos de vida e de ocio deshumanizados.



É hora de cambiar isto!

Apoiar o comercio de proximidade é unha das mellores maneiras de xerar riqueza para Galiza, de humanizar cidades e impedir a desertización das nosas vilas. Está na nosa man modificar hábitos, potenciar a nosa economía e dar saída á produción galega, de extraordinaria calidade. Temos comercio e produtos de primeira!

No BNG apostamos por...

- _ **Incentivar a compra de produtos locais e galegos**, con promoción da etiquetaxe en lingua galega.
- _ **Oposición á instalación na Galiza de grandes superficies comerciais** de capital transnacional.
- _ **Recuperación dos mercados municipais** e as zonas comerciais tradicionais.
- _ **Promoción da produción alternativa e ecolóxica.**
- _ **Impulso dunha marca de calidade e de identificación da orixe**, dos produtos da horta galega, así como para produtos pesqueiros e marisqueiros, e prezos xustos para o leite galego.
- _ **Regulación dos horarios comerciais.**
- _ **Estabelecemento de liñas de crédito prioritarias para o comercio de proximidade.** Promoción de alternativas de venda on line, fronte outras opcións hoxe hexemónicas.
- _ **Promover axudas** para implantar ou mellorar establecementos que comercialicen produtos autóctonos.

MELLOR LOCAL
MELLOR GALEGO

